

NORMAS DE REGULAMENTO DA BIBLIOTECA

EMPRÉSTITO DE LIBROS NA BIBLIOTECA:

1. O horario de empréstito restrínxese ao que figura na porta de entrada. Cando acabe este horario o alumnado deberalle devolver o libro ao profesor/a que alí estea, aínda que a biblioteca continúe aberta máis tempo.
2. Pódese emprestar calquera libro que estea nos andeis da biblioteca despois de que o alumno amose o seu número de lector.

EMPRÉSTITO DE LIBROS PARA O DOMICILIO:

1. O horario de empréstito restrínxese exclusivamente ao que figura na porta de entrada aínda que a biblioteca permaneza aberta máis tempo.
2. Están exentos do empréstito para o domicilio os dicionarios, así como aquelas gramáticas ou exemplares únicos, por raros ou antigos. Pódese emprestar para o domicilio o resto do material: libros de texto, libros de lectura, revistas, material audiovisual, etc.

3. Cada lector poderá levar en empréstito **non máis de tres números de rexistro distintos** por un período de **15 días** . O empréstito poderase renovar unha vez mais, sempre que o libro e/ou m.a. non fose solicitado por outro lector.

Para a realización do empréstito ou renovación do mesmo cómpre amosarlle o número de lector ao profesor/a que estea facendo os empréstitos.

Ademais, tendo en conta que nos períodos de vacacións non hai servizo de empréstito, e que nalgún outro día se pode suspender o servizo por causas alleas á vontade dos usuarios, os libros emprestados ou renovados, no seu caso, non terán que devolverse ata o primeiro día con servizo de empréstito, cando a data da súa devolución coincida cun destes días sen servizo.

4. En canto aos casos de atraso na devolución de libros e/ou material audiovisual, téñense en conta as seguintes medidas:
 - Por atraso de ata 7 días, amoestación verbal, prohibición de levar libros ou m.a. nese día e, no seu caso, prohibición de renovación.
 - A partir do oitavo día de atraso na devolución de libros ou m.a., suspensión por un mes do dereito de empréstito.
 - A partir dun mes de atraso na devolución de libros ou m.a., suspensión polo resto do curso académico.
5. Os libros perdidos ou deteriorados deberanlle ser restituídos ou aboados o seu importe á Escola Oficial de Idiomas polo prestatario. Se procede a restituír ou aboar o libro ou m. a. dentro do prazo que tiña para devolver o orixinal, non lle corresponderá sanción ningunha. Tampouco se o atraso non lle é imputable por ter encargado o material e este aínda non chegou. Pero se se atrasa por falta de dilixencia en restituír o material perdido ou avariado, aplicaráselle as sancións por atraso previstas nos casos de atraso na devolución de material. Nos casos de perda de material, o prestatario infractor non recuperará o dereito de empréstito ata que reponha ou aboe o importe do material.

6. Consulta do catálogo:

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=OEJ001>